

CONCURSO DE DEBUXO “Descontaminación no barrio do Carme”

Para pequenas/os artistas lucenses a favor
do desenvolvemento sostible de LUGO

BASES CONCURSO DE DEBUXO

“Descontaminación no barrio do Carme”

Para as/os pequenos artistas lucenses a favor do desenvolvementos sostible de Lugo

TEMÁTICA:

O Concello de Lugo, a través da Estratexia DUSI, Muramiñae, da Muralla ao Miño, convoca o Concurso de debuxo infantil “Descontaminación no barrio do Carme” co que involucrar ás nenas e nenos na importancia dun desenvolvemento urbano sostible da cidade e conciencialos sobre o medio ambiente.

A estratexia Muramiñae é un programa dotado cun orzamento total de 12,5M€ que está financiado polo Concello de Lugo (20%) e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (80%). Este plan eliminará as barreiras físicas entre o centro histórico e o entorno fluvial do río Miño, poñendo en valor o patrimonio cultural, arqueolóxico, histórico e natural da cidade.

BASES:

Poden participar na presente convocatoria os traballos que cumpran os seguintes requisitos:

→ Cumprir coa temática establecida: os debuxos deberán reflectir como os fondos FEDER axudan ao desenvolvemento da cidade de Lugo, facendo fincapé na descontaminación do barrio do Carme como condición indispensable para mellorar a calidade ambiental, mellorar a contorna e protexer o patrimonio natural de Lugo.

→ Estar elaborado polo alumnado de primaria (de primeiro a sexto) dos centros escolares do Concello de Lugo

→ Admitirase un máximo de un debuxo por participante

→ As/os participantes teñen a liberdade para utilizar a técnica que desexen (lapis, ceras, témperas, acuarela...)
- Valorarase a orixinalidade e calidade do debuxo, tendo presente a idade do seu autor
- Os traballos presentaranse no modelo oficial do concurso que facilita o Concello de Lugo

→ En todos os traballos deberá indicarse o nome, idade, teléfono de contacto e colexio do autor/a:

→ Todos os debuxos levarán como referencia o número de teléfono do pai, nai e/ou titor/a legal onde poderá ser localizado en caso de resultar gañador/a

→ É imprescindible que os pais/nais ou titores legais firmen a autorización na que consenten a participación da/o menor, aceptan as bases e outorgan a súa conformidade ao exposto na mesma. Dita autorización figura no mesmo ficheiro co modelo de debuxo.

→ O prazo límite de presentación de debuxos será o venres 5 de abril de 2019

→ Os traballos deberán ser entregados por vía postal ou presencial na Oficina EDUSI do Concello de Lugo (Praza Maior, 1) indicando no sobre: Concurso de debuxo infantil “Descontaminación no barrio do Carme”. A data de cuño será considerada data do envío oficial e non serán aceptados traballos cuxa data de cuño sexa posterior ao 5 de abril de 2019

PREMIOS

→ Alumnos/as de 1º e 2º de primaria
1º premio: Diploma + Tablet
2º premio: Diploma + Bicicleta
3º premio: Diploma + Ezyroller

→ Alumnos/as de 3º e 4º de primaria
1º premio: Diploma + Tablet
2º premio: Diploma + Bicicleta
3º premio: Diploma + Ezyroller

→ Alumnos/as de 5º e 6º de primaria
1º premio: Diploma + Tablet
2º premio: Diploma + Bicicleta
3º premio: Diploma + Ezyroller

Os premios serán entregados o día 9 de maio, coincidindo co Día de Europa.

*Solicitaráselle aos pais/nais/titores/as das/os galardoadas/os o permiso necesario para que os menores participen no acto de entrega dos premios, así como para a realización de fotografías para a web e redes sociais do Concello de Lugo e posibles medios de comunicación que asistan ao acto

XURADO:

Estará integrado por un técnico/a da EDUSI, un técnico/a de educación, un técnico/a de medio ambiente e un/unha profesional das artes plásticas.

O xurado decidirá o traballo gañador antes do luns 22 de abril e comunicaráselle ás/aos premiadas/os nos días seguintes.

CESIÓN DE DEREITOS:

As obras entregadas non serán restituídas.

Ao participar no concurso, a/o candidato afirma que a súa obra é un traballo orixinal e individual e que a/o participante é a/o única/o propietaria/o do traballo e que ningún terceiro é propietario.

A/o participante exime de calquera tipo de responsabilidade ao Concello de Lugo ante calquera demanda ou reclamación formulada por parte de terceiros sobre vulneración de dereito algún de propiedade industrial ou intelectual relacionada coa obra presentada.

A participación no concurso implica a cesión ao CONCELLO DE LUGO dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre as obras presentadas, de acordo no previsto na lexislación sobre Propiedade Intelectual.

RESOLUCIÓN FINAL:

O xurado resolverá calquera incidencia que puidese producirse. Esta será irrevogable. A entidade organizadora non se fai responsable de calquera perda fortuíta que puidese producirse.

As bases do concurso pódense consultar na web www.lugo.gal ou na web de www.muramiñae.eu



Concello de Lugo

AUTORIZACIÓN PARA O CONCELLO DE LUGO

Eu, _____
con DNI _____ autorizo ao meu fillo/a ou menor a cargo ____
_____ a participar no Concurso
de debuxo infantil “Descontaminación no barrio do Carme”.

Coa firma da presente autorización, acepto expresamente na súa totalidade
as bases do Concurso, a política de Protección de Datos e a cesión da obra.

Idade e curso da nena/o: ____ / _____

Número de teléfono: _____

Lugo, a ____ de _____ de 2019

Firma:

POLÍTICA DE PRIVACIDADE (PARA PAIS, NAIS, TITORES OU TITORAS)

Aos efectos establecidos na Lei Orgánica de Protección de Datos, informámoslle que os datos recollidos a través do presente formulario serán incorporados a un ficheiro de datos de carácter persoal, denominado Concurso de debuxo infantil “Descontaminación no barrio do Carme”, cuxa finalidade é a realización das funcións precisas para a xestión e tramitación correspondente do Concurso de debuxo infantil “Descontaminación no barrio do Carme”, tendo como únicos destinatarios o Concello e o Xurado, encargados da xestión do propio concurso e a selección dos finalistas, respectivamente.

Os datos contidos no formulario deben ser cumprimentados de xeito obrigatorio. No caso de non facerse así, a inscrición será desestimada e os datos borrados de xeito inmediato. A entrega do formulario cuberto implica a inscrición no concurso e a aceptación plena das bases.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Lugo por vía postal a la dirección Praza Maior, 1. Lugo 27001 Lugo. De acordo co establecido no Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, aprobado por Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, e como os participantes do concurso son menores de idade, a autorización para participar debe ser outorgada polos seus pais, nais ou titores/as. No presente caso, o tratamento dos datos debe ser expresamente autorizado e, por ese motivo, solicítanse determinados